

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 20 de maio de 2011.

Neste proxecto introducíronse lixeiras modificacións, que se recollen no documento anexo enviado polo organismo responsable, comunicadas ao Consello Galego de Estatística na sesión da Comisión Permanente do 27 de xullo de 2012.

## **Modificación do proxecto técnico da operación: 25-602 Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social**

**Con data 1 de xuño de 2012, recibíuse a solicitude do órgano estatístico sectorial da Consellería de Traballo e Benestar para modificar o proxecto técnico presentado ante o pleno do CGE 0 20 de maio de 2011. Dita modificación consiste en agregar 4 novas categorías á última das táboas da explotación de resultados prevista, segundo explican na súa comunicación:**

“En relación á actividade estatística 2.3.9 Informe da Risga e axudas para situacións de emerxencia social, pretendemos, de cara á elaboración do informe anual do exercicio 2012, informe que se elaborará no primeiro trimestre do exercicio 2013, introducir unhas pequenas variacións nos apartados 6.1.10 relativo á "DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA RISGA SEGUNDO A SÚA PROBLEMÁTICA ESPECÍFICA" e 6.2.10 relativo á "DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL SEGUNDO A SÚA PROBLEMÁTICA ESPECÍFICA".

Ditos cambios consistirían na ampliación das problemáticas, incluíndo catro novas variables que serían:

**CIDADÁN COMUNITARIO:** Nesta categoría incluíranse aquelas persoas beneficiarias procedentes doutros países da CE.

**ESTRANXEIRO NON COMUNITARIO:** Nesta categoría se reflectirán os inmigrantes procedentes de países non comunitarios.

**VIOLENCIA DOMÉSTICA:** Aquelas persoas vítimas de violencia no ámbito familiar.

**VIOLENCIA DE XÉNERO:** Persoas beneficiarias vítimas de violencia de xénero.”

**Así pois dito cambio, de non recibir obxeccións, substituirá o seguinte párrafo da páxina 15 do proxecto entregado:**

“DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO A SUA PROBLEMATICA ESPECIFICA.- As persoas beneficiarias distribúense segundo a súa problemática específica nas seguintes categorías:

- Minorías étnicas
- Drogodependencias
- Alcoholismo
- Monoparentalidade
- Emigrante retornado
- Parado

- Parado longa duración
- Discapacidade
- Prostitución
- Privación de liberdade
- Indixencia
- Outros

Unha persoa pode ter varias problemáticas e polo tanto clasificada en varias destas categorías. Esta distribución facilitarase por sexo.”

### **Por**

“DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO A SUA PROBLEMATICA ESPECIFICA.- As persoas beneficiarias distribúense segundo a súa problemática específica nas seguintes categorías:

- Minorías étnicas
- Drogodependencias
- Alcoholismo
- Monoparentalidade
- Emigrante retornado
- Parado
- Parado longa duración
- Discapacidade
- Prostitución
- Privación de liberdade
- Indixencia

-CIDADÁN COMUNITARIO: Nesta categoría inclúiranse aquelas persoas beneficiarias procedentes doutros países da CE.

-ESTRANXEIRO NON COMUNITARIO: Nesta categoría se reflectirán os inmigrantes procedentes de países non comunitarios.

-VIOLENCIA DOMÉSTICA: Aquelas persoas vítimas de violencia no ámbito familiar.

-VIOLENCIA DE XÉNERO: Persoas beneficiarias vítimas de violencia de xénero.”

- Outros

Unha persoa pode ter varias problemáticas e polo tanto clasificada en varias destas categorías. Esta distribución facilitarase por sexo.”

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 20 de maio de 2011

# **25301 Estatística sobre beneficiarios da RISGA e das axudas de emerxencia social**

## **PROXECTO TÉCNICO**

A Renda de Integración Social de Galicia configúrase como unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción. Os referidos proxectos de inserción están constituídos por un conxunto coordinado e programado de accións que terán como obxectivo a mellora da integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación da persoa beneficiaria ao sistema laboral.

As axudas para situacións de emerxencia social son axudas económicas de pagamento único destinadas a paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia. Teñen carácter finalista e serán incompatibles con calquera outra prestación pública que lle puidese corresponder á persoa beneficiaria para a mesma finalidade.

### **Normativa e organización**

A operación estatística 25301 Estatística sobre beneficiarios da RISGA e das axudas de emerxencia social, pretende facilitar información cuantitativa e cualitativa das persoas beneficiarias destas axudas.

#### **Normativa**

A normativa que regula as prestacións obxecto do informe estatístico, é a seguinte:

- a) Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a Inserción Social (D.O.G. nº 191 do 3-10-1991)
- b) Decreto 374/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social de Galicia (D.O.G. nº 214 do 5-11-1991)
- c) Decreto 375/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no relativo ás axudas para situacións de emerxencia social (D.O.G. nº 215 do 6-11-1991)
- d) Lei 1/1999, do 5 de febreiro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social (D.O.G. nº 36 de 22-2-1999)
- e) Lei 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (D.O.G. nº 254 do 31-12-2004)

No anexo I aparece a normativa vixente.

Para a xestión destas axudas creouse unha base de datos (Orde do 15 de decembro de 2000 pola que se crean ficheiros automatizados de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Sanidade e Servizos

Sociais e no Servizo Galego de Saúde, DOG número 249, 27 de decembro de 2000) onde se inclúen ás persoas beneficiarias e da cal se extrae a información básica para a elaboración da estatística.

## **Organización**

Segundo o Decreto 9/2011, do 20 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, ao Servizo de Prestacións (dentro da Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais da Secretaría de Familia e Benestar) correspóndelle, entre outras funcións a xestión das prestacións previstas na Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.

Así pois, o Servizo de Prestacións ten as competencias na xestión das prestacións do RISGA e das AES e é o servizo que elabora a estatística. Tamén interveñen os concellos xefaturas territoriais na concesión das axudas.

As solicitudes son presentadas polas persoas interesadas nos concellos de residencia, que complementan o expediente e remiten toda a documentación xunto cunha proposta de aprobación/denegación á xefatura territorial correspondente. Nas xefaturas territoriais introducen no programa de xestión toda a información e resollen en primeira instancia a concesión ou denegación das axudas. Polo tanto, os concellos e as xefaturas territoriais son unidades organizativas que tamén interveñen.

## **Unidades estatísticas**

As unidades de análise para esta operación estatística son as persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia e de Axudas para situacións de Emerxencia Social. Tamén se consideran unidades de análise as unidades de convivencia das persoas beneficiarias da prestación, considerando perceptores indirectos da prestación a todos os membros da unidade de convivencia que non sexan as persoas beneficiarias directas da mesma.

Existen limiares administrativos recoñecidos pola normativa que regula as prestacións e que determinan a percepción ou non da prestación por parte das persoas solicitantes:

- Ter residencia efectiva e estar empadroadas en calquera dos concellos da Comunidade autónoma galega polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude. Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dun ano:
  - a) Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidade autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación da Comunidade da que proceden se recolla a reciprocidade.
  - b) As vítimas de violencia doméstica que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.
  - c) As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade autónoma. Asemade, aquelas persoas nadas en Galicia que residindo noutras comunidades autónomas volvan fixar a súa residencia no territorio da Comunidade autónoma galega.Os cidadáns e as cidadás de estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude.
- Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente á persoa solicitante.
- Ter unha idade comprendida entre os 25 e os 65 anos. Non obstante, tamén poderán ser beneficiarias:

- a) As persoas menores de 25 anos que, reunindo o resto dos requisitos, teñan menores ao seu cargo.
  - b) As persoas maiores de 18 anos que, tendo recoñecida a condición de minusvalía, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
  - c) As persoas maiores de 18 anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores ou en acollemento familiar.
  - d) As persoas maiores de 18 anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
- Dispoñer de recursos económicos inferiores á contía da prestación económica da RISGA que corresponda.
  - Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil.

## Variables

Para tramitar a solicitude das axudas que nos ocupan existen documentos normalizados utilizados en todo o ámbito da Comunidade autónoma, e así, tanto o procedemento RENTA DE INTEGRACION SOCIAL DE GALICIA (código de procedemento BS626F) como o procedemento AXUDAS PARA SITUACIONES DE EMERXENCIA SOCIAL (código de procedemento BS618D) constan dun conxunto determinado de documentos normalizados.

O procedemento de solicitude de RENTA DE INTEGRACION SOCIAL DE GALICIA reflicte os seguintes datos:

- Concello e provincia que participa na tramitación da solicitude.
- Datos identificadores da persoa solicitante: apelidos e nome, DNI, data de nacemento, enderezo, localidade, provincia, código postal e teléfono.
- Declaración responsable da persoa solicitante no referente á veracidade dos datos, os ingresos das persoas que conviven, datos sobre vivenda, sobre dereitos de contido económico e sobre a existencia de persoas obrigadas a prestar alimentos.
- Impreso para transferencia bancaria
- Impreso sobre a documentación que se debe achegar ao expediente.
- Proposta de proxecto de inserción
- Accións que haberá que desenvolver
- Informe social no que se recollen datos sobre enfermidade ou minusvalía, sexo, nacionalidade, datos identificadores das persoas convivintes, situación laboral, tipo de vivenda, réxime de ocupación, descrición das condicións da vivenda en canto a habitabilidade e equipamentos da mesma, características xerais do medio de convivencia, historial familiar de carácter social, relacións familiares e situación socio-económica. O referido informe reflicte a interpretación e valoración profesional e está asinado polo/-a traballador/-a social redactor/-a do informe.
- Proposta do concello á delegación provincial de concesión ou denegación, segundo proceda.

O procedemento de solicitude de AXUDAS PARA SITUACIONES DE EMERXENCIA SOCIAL reflicte os seguintes datos:

- Concello e a provincia que participa na tramitación da solicitude.

- Datos identificadores da persoa solicitante: apelidos e nome, DNI, data de nacemento, enderezo, localidade, provincia, código postal e teléfono.
- Declaración responsable da persoa solicitante no referente á veracidade dos datos, os ingresos das persoas que conviven, datos sobre vivenda e sobre percepción de axudas de emerxencia ou outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.
- Impreso para transferencia bancaria
- Impreso sobre a documentación que se debe achegar ao expediente.
- Informe Social no que se recollen datos sobre enfermidade ou minusvalía, sexo, nacionalidade, datos identificadores das persoas convivintes, situación laboral, tipo de vivenda, réxime de ocupación, descrición das condicións da vivenda, relacións familiares, existencia de necesidades de carácter básico e urxente e outros datos coma signos externos de riqueza. O referido informe reflicte a interpretación e valoración profesional e está asinado polo/-a traballador/-a social redactor/-a do informe
- Proposta do concello á delegación provincial de concesión ou denegación, segundo proceda.

No anexo II deste proxecto recóllense en cada un dos casos os diferentes impresos que se achegan coas solicitudes así como as diferentes codificacións empregadas.

## **Procesamento de datos**

### **Procedemento administrativo**

#### Recoñecemento da axuda

O recoñecemento da renda de integración social de Galicia realizarase logo de solicitude da persoa interesada, mediante a presentación no seu concello do modelo normalizado pola consellería competente, ao que deberá acompañar os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 9 da lei 16/2004 e aqueles outros que se puidesen determinar regulamentariamente.

Para o cómputo dos recursos económicos da unidade de convivencia, a instancia normalizada de solicitude incluírá unha declaración xurada na que os peticionarios e as peticionarias farán constar todos os recursos dos que dispoña a unidade de convivencia.

Na instancia normalizada á que se refire o apartado anterior, a persoa solicitante fará constar que autoriza ao órgano de resolución para recadar a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia, e en xeral para completar o expediente, dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio.

As entidades locais, a través dos equipos técnicos dos servizos sociais de atención primaria municipais correspondentes, elaborarán un informe social no que se valore a procedencia, ou non, da aplicación da renda de integración social de Galicia, así como, se é o caso, a proposta dun proxecto de inserción, de acordo co disposto na lei 16/2004.

O informe sinalado no punto anterior salientará o perfil sociolóxico e unha valoración sobre as posibilidades de inserción social e/ou laboral, e indicará, neste último suposto, que centros ou institucións adecuados existen no contorno da persoa beneficiaria. Así mesmo, salientará cantos datos se estimen pertinentes para poñer de manifesto: a existencia dunha unidade de convivencia independente; o número de persoas que conviven,



xunto coa información sobre minusvalía que poida afectar a algún dos seus membros; e a descrición do fogar e da posible existencia de persoas ou familiares con obriga legal e posibilidade real de prestación de alimentos.

A proposta do proxecto de inserción deberá contar co asentimento da persoa interesada ou, no caso contrario, coas razóns invocadas por ela para o seu rexeitamento. En todo caso a concesión da prestación, está condicionada a existencia polo menos dun proxecto de inserción. Serán beneficiarias deste a persoa ou persoas maiores de idade que a xuízo dos servizos sociais de atención primaria ou, se é o caso, do órgano de resolución estean en mellor disposición e aptitude para acadar a integración que se pretende.

O concello de residencia, no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, remitiralle os informes, a proposta de resolución e mais a restante documentación necesaria para poder continuar a tramitación do expediente á xefatura territorial da consellería competente en materia de servizos sociais, para a súa cualificación e posterior resolución. De non se remitir no prazo sinalado, dado o carácter determinante para a resolución do procedemento, sen prexuízo da responsabilidade na que incorra o responsable da demora, quedará interrompido o prazo para resolver o expediente, de conformidade co previsto no artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As xefaturas territoriais da consellería competente en materia de servizos sociais resolverán as solicitudes remitidas polos concellos no prazo máximo dun mes desde a súa recepción.

Excepcionalmente, naqueles casos nos que a situación da persoa beneficiaria o faga imprescindible, poderá realizar a solicitude ao seu nome o propio concello; poren, non se resolverá favorablemente o expediente mentres a persoa interesada non asuma o proxecto de inserción social e/ou laboral que, por proposta dos servizos sociais de atención primaria, sexa aprobado polo órgano de resolución da renda de integración social de Galicia.

#### Duración

A renda de integración social de Galicia seralle outorgada ao beneficiario mentres subsistan as causas que motivaron a súa concesión.

A revisión das condicións do seu outorgamento e a avaliación dos resultados acadados efectuaranse cada doce meses. A resolución decidirá sobre a renovación, modificación ou extinción, sen prexuízo do establecido nos artigos 23 e 32 da lei 16/2004.

A prestación entenderase prorrogada en defecto de resolución expresa.

#### Obrigas

Os beneficiarios da renda de integración social de Galicia quedan obrigados a:

- 1) Destinar o importe da prestación ao fin para o que se concede.
- 2) Participar nas accións ou actividades que se determinen de acordo co beneficiario dentro do proxecto de inserción.
- 3) Escolarizar aos menores ao seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria, garantindo a súa asistencia ao centro de ensino que corresponda. A devandita asistencia acreditarase debidamente.

- 4) Non exercer a mendicidade nin a prostitución, nin inducir ou compeler á práctica de calquera delas a ningún membro da unidade de convivencia.
- 5) Comunicar as variacións sobrevidas que, de conformidade coa lei 16/2004, puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación.
- 6) Exercitar cando o órgano competente para a resolución o estime conveniente, á vista dos informes que consten no expediente e no prazo que se estableza na correspondente resolución, calquera dereito económico que puidese corresponderlles segundo a lexislación vixente.
- 7) Cantas outras obrigas deriven do obxecto e da finalidade da renda de integración social de Galicia.

### Suspensión e extinción

A percepción da prestación económica da renda de integración social de Galicia suspenderase polas seguintes causas:

1. Cando os recursos económicos, computados de acordo co artigo 14 da lei 16/2004, superen, en cómputo mensual, por un período inferior a seis meses, á prestación económica da renda de integración social de Galicia correspondente en cada caso, suspenderase o seu aboamento, e reiniciarase, por instancia da persoa beneficiaria, cando decaían as circunstancias que motivaron a devandita suspensión, coa excepción de que neste suposto poderá continuar a persoa beneficiaria percibindo o complemento de inserción, en función das accións desenvolvidas no proxecto de inserción. (A percepción dos referidos ingresos por período superior a seis meses daría lugar a unha extinción da prestación, ao considerarse a perda do requisito de carencia de ingresos).
2. Igualmente, será causa de suspensión a imposibilidade sobrevida, por parte da persoa beneficiaria, de cumprir as obrigas asumidas, ou a declaración legal de incapacidade. Neste suposto, en función das circunstancias concorrentes, durante un prazo máximo de seis meses poderase acordar o aboamento da prestación a outro membro da unidade de convivencia, modificando, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas.

O dereito ás prestacións da renda de integración social de Galicia extínguese por:

1. A perda dalgún dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento, sen prexuízo do establecido no apartado 1 do artigo 31 da lei 16/2004. Con carácter previo a se ditar resolución da extinción, o órgano de resolución tramitará o correspondente procedemento de revisión, con audiencia da persoa interesada, podéndose acordar, ao dispoñer o inicio do devandito procedemento, a suspensión cautelar do aboamento da prestación cando exista unha presunción fundada de que a persoa beneficiaria perdeu o seu dereito a esta.
2. O falecemento da persoa beneficiaria, suposto no que será aplicable o disposto no punto 2 do artigo 31 da lei 16/2004, mentres tramite unha nova solicitude outro membro da unidade de convivencia independente.
3. O incumprimento de obrigas previstas no artigo 23 da lei 16/2004 por causas imputables á persoa beneficiarias.
4. O mantemento das causas que deron lugar á suspensión prevista no artigo 31 da lei 16/2004.
5. A ocultación ou o falseamento dos datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica, sen prexuízo do disposto no vixente código penal.
6. O traslado da residencia efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que se produza a circunstancia sinalada no artigo 5.g) da lei 16/2004.
7. O transcurso de catro anos consecutivos na súa percepción, excepto que, a xuízo do órgano de resolución e logo do informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia da

persoa beneficiaria, fose necesario manter a esta na percepción da prestación pola súa situación de exclusión social e/ou desestruturación familiar da súa unidade de convivencia, especialmente cando existan menores nela.

A extinción do dereito á renda de integración social de Galicia implicará as seguintes consecuencias:

- a) Cando a extinción se leve a cabo pola causa sinalada no artigo 32.1.e) da lei 16/2004, devolveranse as cantidades indebidamente percibidas pola persoa beneficiaria. As devanditas cantidades deberán ser reintegradas ou serán obxecto de compensación no caso de que se recoñeza un novo dereito á renda de integración social de Galicia nos termos que sinala o órgano de resolución.
- b) Cando a extinción se produza polo incumprimento das obrigas establecidas nos apartados 1, 2, 3 e 4 do artigo 23 ou polas causas establecidas nas letras e) ou g) do artigo 32.1, non se lle recoñecerá a ningún membro da unidade de convivencia un novo dereito á renda de integración social de Galicia ata que transcorra un ano desde a data de resolución da extinción, salvo que se constitúa unha nova unidade de convivencia por un membro non responsable do incumprimento.
- c) Cando a extinción se produza pola percepción da renda durante catro anos consecutivos, poderase solicitar unha nova renda se durante o ano seguinte á resolución de extinción concorren circunstancias excepcionais que agraven a situación de exclusión social da persoa interesada ou a situación de desestruturación social e familiar da unidade de convivencia, debidamente acreditadas polos servizos sociais de atención primaria do seu concello.

#### Axudas para situacións de Emerxencia Social

Os expedientes de Emerxencia Social teñen un procedemento administrativo diferente.

A tramitación das axudas será iniciada pola persoa interesada mediante presentación de solicitude, en instancia normalizada, no seu concello de residencia, xunto cos documentos acreditativos da veracidade dos datos alegados.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, a persoa interesada deberá xuntar á solicitude:

- a) O presuposto de gastos para os que se solicita a axuda
- b) A xustificación doutras subvencións ou axudas concedidas polo mesmo concepto, ou declaración xurada de non percibilas.

Será elaborado, logo de visita domiciliaria, un informe polos servizos sociais comunitarios no que, na medida do posible, se constate:

- a) A veracidade das circunstancias alegadas polo solicitante como orixinadoras da situación de emerxencia.
- b) A situación de necesidade que determine a incapacidade económica.
- c) A adecuación e proporcionalidade entre o solicitado e a necesidade descrita.
- d) A condición de habitual da vivenda.

Correspóndelles aos concellos, a través dos servizos sociais de atención primaria, a recepción, a instrución, a proposta de resolución e o traslado do expediente á delegación provincial correspondente, así como o seguimento e o control das axudas concedidas.

Correspóndelles ás xefaturas territoriais da consellería competente en materia de servizos sociais resolver no prazo dun mes sobre a concesión ou denegación de axuda, así como sobre a súa contía, unha vez remitida a totalidade de cantos documentos integran o oportuno expediente por parte do concello de procedencia, sen prexuízo do establecido no artigo 6.c) da lei 16/2004.

As axudas para situacións de emerxencia social poderanse aboar anticipadamente , en pagamento total ou fraccionado, nas porcentaxes que estime procedente o órgano de resolución atendendo ás circunstancias de cada caso, e o beneficiario ou beneficiaria deberá xustificar o gasto subvencionado conforme os requisitos que se establezan regulamentariamente.

Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a Xunta de Galicia reserva para si a facultade de efectuarlle o pagamento da axuda directamente, e en nome do beneficiario ou beneficiaria, á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou o servizo a favor deste, naqueles casos nos que o considere conveniente o órgano de resolución, co fin de garantir a súa aplicación finalista.

En todo caso, a resolución de concesión da axuda de emerxencia social poderá ser revogada no suposto de que non se realicen as obras orzadas ou non se destine aquela para o fin solicitado.

Estas obras deberán estar rematadas no prazo dun ano contado, a partir do momento da comunicación da resolución, salvo en circunstancias excepcionais que fixesen necesario a concesión dunha prórroga.

Estas axudas terán carácter finalista e serán incompatibles con calquera outra prestación pública que lle puidese corresponder ao beneficiario para a mesma finalidade.

Non obstante, poderán ser complementarias, nos casos nos que se considere oportuno, en virtude de gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes pertinentes.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que, atopándose nas situacións ás que fai referencia o artigo 41 da lei 16/2004, reúnan os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de idade
- b) Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega.
- c) Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia.

Para os efectos do previsto na lei 16/2004 considéranse ingresos suficientes, para os efectos de aplicación desta medida, aqueles que, obtidos polos membros da unidade de convivencia independente en concepto de rendas, retribucións, pensións ou por calquera outro título, agás os de carácter finalista que estean dirixidos á formación regrada ou se perciban como complemento de inserción, non sexan superiores ao cento vinte e cinco por cento do importe do subsidio básico máis o complemento familiar da renda de integración social de Galicia que, segundo o disposto no artigo 12, puntos 1 e 2, da lei 16/2004, lles corresponderían en cómputo mensual.

Non poderá concederse esta axuda cando os solicitantes ou calquera membro da unidade de convivencia independente sexan propietarios ou usufructuarios de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto destas axudas.

A contía das axudas establecerase para cada caso concreto en función das circunstancias e das previsións dos gastos que ocasionen a situación de emerxencia, e en ningún caso poderá superar a contía anual do indicador público de renda de efectos múltiples.

Regulamentariamente serán establecidas as normas que posibiliten a determinación da contía da axuda de emerxencia social para cada caso concreto.

En ningún caso se poderá conceder máis dunha axuda para situación de emerxencia social por unidade de convivencia ao ano.

## **Estrutura informática e actualización dos datos**

Todos os datos relativos ás solicitudes, resolucións e denegacións das rendas de integración social de Galicia (RISGA) e ás axudas de emerxencia social, están estruturados segundo a súa localización xeográfica, dividíndose a comunidade galega nas catro áreas seguintes: Coruña (CO), Lugo (LU), Ourense (OR) e Pontevedra (PO).

Dependendo da súa orixe os datos almacénanse nas seguintes cinco bases de datos con igual estrutura e almacenadas na mesma máquina :

sanidadco2@comple1: Datos de A Coruña.

sanidadlu2@comple1: Datos de Lugo.

sanidador2@comple1: Datos de Ourense.

sanidadpo2@comple1: Datos de Pontevedra.

sanidadsc1@comple1: Datos comúns ás catro áreas.

A estrutura da base de datos preséntase no anexo III onde se explican as estruturas das táboas e o seu esquema.

### Altas e modificacións

O proceso para a inclusión dos datos no sistema é o seguinte:

Unha vez entregada a solicitude no concello por parte do demandante, e logo de elaborarse un informe por parte dos servizos sociais do concello, a solicitude envíase á xefatura territorial correspondente e mecanízase na aplicación. A partir desta mecanización inicial vai pasando por distintas fases ata chegar á súa resolución inicial, sexa esta favorable ou desfavorable.

Despois desta resolución inicial poden presentarse recursos ou, na RISGA, iniciarse revisións a instancia de parte, de oficio ou revisións anuais. Os recursos poden finalizar cunha resolución de estimación ou desestimación da secretaría xeral. Como consecuencia das revisións emitíranse novas resolucións dos departamentos territoriais que poden ser de renovación, modificación, suspensión, extinción ou reanudación. Calquera de elas pode dar lugar a unha actualización dos datos dos expedientes de RISGA ou AES tanto das variables asociadas ao informe social, como dos proxectos de inserción ou dos importes a percibir.

No caso da RISGA, existen outras incidencias de modificación de datos que non xeran unha resolución senón simplemente unha incidencia reflectida nun documento denominado parte de incidencia de nómina, que terase en conta á hora de xerar a nómina. Trátase de modificación dos datos persoais, bancarios ou do perceptor. Dentro das modificacións de datos persoais poden estar incluídas as variacións do concello de residencia do solicitante. Ademais destes cambios, na nómina de RISGA poden producirse modificacións derivadas de dedución de indebidos na nómina ou por dedución de parte da nómina ao beneficiario para ingresala por orde xudicial a outro beneficiario.

### Tipos de depuración:

Non se realiza ningunha depuración de tipo automático.

As depuracións de datos que se realizan son puntuais e por algunha modificación nas solicitudes ou expedientes.

Os únicos procesos masivos que se corren nestas bases de datos para realizar actualizacións fanse unha vez ao ano para a modificación das nóminas na base de datos do RISGA.

Imputación/ Depuración:

Nos cálculos mensuais pode variar o número final de solicitudes, denegacións, aprobación, pendentes, arquivados e caducados debido aos axustes feitos nos meses seguintes e correspondentes aos cambios de tipo de pensión ou estado e inclusión de novos valores correspondentes a meses anteriores ou a traslados de expedientes para outra área. Así tamén poden variar os indicadores acumulados ou totais

Tivéronse en conta os cambios de códigos de expedientes, actualizando os códigos de expedientes con novo valor no rexistro histórico da táboa.

O Anexo III contén unha descrición das táboas que configuran a base de datos dos beneficiarios da RISGA e das AES.

## Deseño da explotación dos datos do rexistro

Todos os datos utilizados para a elaboración da actividade estatística así como os reflectidos na mesma proceden inicialmente dos modelos impresos existentes para solicitude da Renda de Integración Social de Galicia e solicitude de Axudas para situacións de Emerxencia Social, especialmente do Informe Social redactado polos Servizos Sociais de Atención Primaria do concello de residencia da persoa solicitante.

Nesta actividade estatística facilitarase a 31 de decembro de cada ano o número de beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) ou de Axudas para situacións de Emerxencia Social (AES) en Galicia e para cada provincia, segundo as seguintes variables:

**DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO O VOLUME DE POBOACION DO SEU CONCELLO DE RESIDENCIA.-** As persoas beneficiarias da RISGA ou AES residen nalgún dos 315 concellos da Comunidade Autónoma e agrúpanse segundo os seguintes tramos de poboación:

- De 50.000 e máis habitantes
- Entre 20.000 e menos de 50.000 habitantes
- Entre 10.000 e menos de 20.000 habitantes
- Menos de 10.000 habitantes

Esta variable permite determinar zonas nas que existen máis ou menos beneficiarios das referidas prestacións, así como facer unha distinción entre residencia urbana e rural das persoas beneficiarias en función do número de habitantes dos concellos de residencia. Esta distribución facilítase por sexo.

**DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO O SEXO.-** As persoas beneficiarias das prestacións da RISGA e AES diferéncianse segundo o sexo. Esta variable estúdase tamén xunto á distribución segundo o concello de residencia, a idade das persoas beneficiarias, estado civil, tipo de convivencia, tipo de vivenda na que residen, réxime de tenencia da vivenda, nivel de estudos, situación laboral e problemática específica. Os diferentes sexos que se aplican son:

- Mulleres
- Homes

Esta variable permite determinar a incidencia do sexo na percepción das prestacións.

**DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO A IDADE.-** As persoas beneficiarias dalgunha das prestacións distribúense segundo a idade nos tramos que a continuación se reflicten:

- Menos de 25 anos
- De 25 a 34 anos
- De 35 a 44 anos
- De 45 a 54 anos
- Mais de 55 anos.

Esta distribución facilítase por sexo.

O motivo de establecer dúas categorías xenéricas (menos de 25 e máis de 55) e outras tres categorías decenais, é debido a que a incidencia de beneficiarios no primeiro e no último grupo é escasa e ten máis relevancia nos tres grupos decenais, o que permite obter datos moito máis concretos que si se utilizaran, por exemplo, catro grupos de vinte e cinco anos.



DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO O ESTADO CIVIL.- As persoas beneficiarias distribúense segundo o estado civil nas seguintes categorías:

- Solteiro/-a
- Casado/-a
- Separado/-a
- Divorciado/-a
- Parella de Feito
- Viúvo/-a

Esta distribución facilítase por sexo.

Esta variable permite determinar a incidencia do estado civil na percepción das prestacións. Unha das variables utilizadas non se corresponde con ningún estado civil (parella de feito) pero permite determinar a relación coa convivencia independentemente do estado civil. Nesta categoría reflíctense tanto as parellas de feito rexistradas como as non rexistradas.

DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO O TIPO DE CONVIVENCIA.- As persoas beneficiarias distribúense segundo o tipo de convivencia nas seguintes categorías:

- Só: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que viven soas.
- En parella: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que conviven unicamente coa súa parella, sexa cal sexa o seu estado civil.
- Familia nuclear: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que crearon a súa propia familia e conviven con ela.
- Familia ampla: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que conviven coa súa familia nuclear e a mesma atópase ampliada pola convivencia de algún familiar achegado.
- Familia de orixe: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que conviven coa súa familia de procedencia.
- Familia substitutoria: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que conviven cunha familia que non é a nuclear nin a de orixe.
- Institución: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que conviven en centros, residencias, ...
- Outros: Reflíctense nesta categoría todas aquelas persoas beneficiarias que non están incluídas en ningunha das categorías anteriores.

Esta distribución facilítase por sexo.

Considérase importante a distribución das persoas beneficiarias atendendo ás categorías sinaladas dado que estas variables ofrecen unha visión da realidade máis preto da poboación obxecto de estudio que as variables utilizadas normalmente por estatística que se concretan en unipersoal, sen núcleo, parella con fillos, parella sen fillos, monoparental, un núcleo e outros e varios núcleos.

DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO O TIPO DE VIVENDA NA QUE RESIDEN.- As persoas beneficiarias distribúense segundo o tipo de vivenda na que residen nas seguintes categorías:

- Sen vivenda: Inclúe todas aquelas persoas beneficiarias que non contan cunha vivenda determinada na que residir.
- Piso: Inclúe todas aquelas persoas beneficiarias que residen nun piso.
- Vivenda unifamiliar: Inclúe todas aquelas persoas beneficiarias que residen nunha vivenda unifamiliar.
- Pensión: Inclúe todas aquelas persoas beneficiarias que residen habitualmente en pensións.

- Chabola: Inclúe todas aquelas persoas beneficiarias que residen en espazos que non reúnen as condicións para ser consideradas como vivendas.
- Vivenda prefabricada: Inclúe todas as persoas beneficiarias que residen neste tipo de vivenda.
- Institución: Inclúe todas aquelas persoas beneficiarias que conviven en centros, residencias, ...
- Outros: Inclúe todas aquelas persoas beneficiarias que non están reflectidas en ningunha das categorías anteriores.

Esta distribución facilítase por sexo.

Ao igual que ocorre no apartado anterior é significativo o feito de ter coñecemento sobre a residencia en institucións ou espazos que non reúnen as condicións para ser consideradas vivendas das persoas beneficiarias das prestacións xa que esta información permite coñecer de xeito máis concreto a poboación obxecto de estudio utilizando variables que non son comúns o obxecto de estudio é a poboación en xeral.

**DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO O RÉXIME DE TENENCIA DA VIVENDA.-** As persoas beneficiarias distribúense segundo o réxime de tenencia da vivenda nas seguintes categorías:

- Vivenda cedida en precario
- Vivenda en réxime de aluguer
- Vivenda propia aboándose
- Vivenda propia aboada
- Caseiros
- Centros
- Outros

Esta distribución facilítase por sexo.

Estas categorías facilitan unha información importante tendo en conta a poboación obxecto de estudio.

**DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS.-** As persoas beneficiarias distribúense segundo o nivel de estudos nas seguintes categorías:

- Analfabeto
- Estudos primarios incompletos
- Estudos primarios
- Estudos secundarios
- Estudos superiores
- Non clasificados

Esta distribución facilítase por sexo.

**DISTRIBUCION DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO A SITUACION LABORAL.-** As persoas beneficiarias distribúense segundo a súa situación laboral nas seguintes categorías:

- Ocupados
- Parados que xa traballaron
- Parados en busca do primeiro emprego
- Inactivos

Esta distribución facilítase por sexo e idade.

Na categoría ocupados inclúense os traballadores por conta propia e os traballadores por conta allea incluíndo ademais dos traballadores fixos a xornada completa tamén as persoas contratadas en prácticas, contratos de formación, temporeiros, discontinuos e traballadores a tempo parcial (códigos 1 a 4)

Na categoría parados que xa traballaron inclúense as persoas que se encontran en situación de desemprego, tanto con subsidio como sen subsidio, que traballaron anteriormente (códigos 5 e 6)

Na categoría parados en busca do primeiro emprego inclúense as persoas que se encontran en situación de desemprego sen ter traballado anteriormente (código 7)

Na categoría inactivos inclúense os pensionistas por incapacidade permanente total, absoluta e gran invalidez, os pensionistas por viuvez, por xubilación, perceptores de pensións non contributivas, prestacións asistenciais ou outras prestacións económicas, as persoas en idade de xubilación ou incapacitadas que non perciben pensións, os estudantes, e as persoas que sen estar en idade laboral perciben rendas distintas aos rendementos do traballo ou pensións e prestacións (códigos 8 a 20)

**DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS SEGUNDO A SUA PROBLEMATICA ESPECIFICA.-** As persoas beneficiarias distribúense segundo a súa problemática específica nas seguintes categorías:

- Minorías étnicas
- Drogodependencias
- Alcoholismo
- Monoparentalidade
- Emigrante retornado
- Parado
- Parado longa duración
- Discapacidade
- Prostitución
- Privación de liberdade
- Indixencia
- Outros

Unha persoa pode ter varias problemáticas e polo tanto clasificada en varias destas categorías. Esta distribución facilitarase por sexo

## **Anexos**

### **Anexo I: Lexislación**

Este anexo contén a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a Inserción Social, modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro (D.O.G. nº 36 de 22-2-1999) e pola Lei 16/2004, do 29 de decembro (D.O.G. nº 254 do 31-12-2004)

### **Anexo II: Impresos**

Este anexo contén o conxunto de documentos normalizados que se teñen que presentar para solicitar as axudas RISGA e AES

### **Anexo III: Estrutura informática**

Este anexo contén unha descrición das táboas que configuran a base de datos dos beneficiarios do RISGA e das AES

# **ANEXO I**

O 31 de decembro de 2004 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 254) a Lei 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social. Esta lei xa fora modificada anteriormente pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro, polo que se recolle a continuación un texto que contén o texto legislativo inicial con todas as modificacións posteriores, inseríndose a exposición de motivos da Lei 16/2004.

## **LEI GALEGA DE MEDIDAS BASICAS PARA A INSERCION SOCIAL**

### Preámbulo

1

As situacións de carencia que provocan a exclusión social poden ter unha raíz económica, ademais de estar tamén condicionadas por outros elementos, como a vivenda, a saúde, a formación, a educación ou a marxinación da vida social ordinaria, que poden provocar unha ruptura do equilibrio persoal e familiar.

As novas formas de desenvolvemento comportan un aumento da riqueza e unha redución do desemprego, pero poden xerar á súa vez novos factores de exclusión social sen chegar a eliminar totalmente os xa existentes.

As situacións de carencia só poderán ter solución a través dun conxunto de medidas, segundo as circunstancias presentes en cada situación, que cubran os distintos ámbitos da vida persoal e social e que teñan efectos non soamente paliativos, senón tamén preventivos, educativos e de inserción social e laboral.

2

As manifestacións das situacións de exclusión social evolucionan ao longo do tempo, razón pola que cómpre revisar periodicamente as medidas de loita contra a pobreza.

A Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, ditada ao amparo do artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, que establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de asistencia social, instaurou un plan de loita contra a pobreza a través de tres programas básicos: a renda de integración social de Galicia, as axudas para situacións de emerxencia e os programas de desenvolvemento integral comunitario, baseándose na competencia.

No ano 1999 abordouse unha reforma dela, a través da Lei 1/1999, do 5 de febreiro, na que cabe destacar a flexibilización dalgúns requisitos de acceso á prestación da renda de integración social de Galicia e a axilización dos procedementos de concesión, tanto da prestación periódica coma da de pagamento único.

Cómpre agora abordar novas melloras na prestación da renda de integración social de Galicia e nas axudas para situacións de emerxencia social, adaptando a normativa ao obxectivo último de acadar unha maior integración social e laboral das posibles persoas beneficiarias, e conseguir unha protección social máis favorable ao acceso a un emprego normalizado.

Asemade, por parte da Xunta de Galicia procederase a solicitar na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais un acordo marco xeral no que as comunidades autónomas inclúan na súa normativa o principio de reciprocidade.

No relativo á renda de integración social, a novidade máis relevante é o incremento progresivo da súa contía, tendo como referencia o indicador público de renda de efectos múltiples, co fin de mellorar as redes de seguridade destinadas a lles garantir un nivel mínimo de renda aos cidadáns e ás cidadás con problemáticas de exclusión.

Por outra banda, mantense o límite temporal na percepción da renda de integración social de Galicia, coa excepción de que as situacións de exclusión social ou desestruturación familiar da unidade de convivencia da persoa beneficiaria poñan de manifesto a necesidade de que esta continúe a percibir a prestación.

Entre o resto das novidades que se introducen na renda de integración social de Galicia, cómpre destacar que se adaptan as prescricións sobre os estranxeiros e as estranxeiras ao marco da Unión Europea, igualándose os requisitos de acceso das persoas nacionais e das estranxeiras, co único requirimento engadido de que as persoas estranxeiras non comunitarias acrediten a residencia legal en España no momento de solicitar a prestación.

No relativo á regulación das medidas activas de emprego para os beneficiarios e as beneficiarias da renda de integración social de Galicia, fíxase un marco de acción sen que conteña unha regulación en detalle, co fin de evitar o establecemento de estruturas ríxidas que condicionen as posibles liñas de actuación e faciliten a súa adaptación á realidade cambiante e dinámica do mercado de traballo.

En canto ás axudas para situacións de emerxencia social, establécese un sistema de anticipos do importe total da axuda, co obxecto de atender dun xeito máis eficaz e rápido as situacións de necesidades extraordinarias e urxentes.

## **TITULO PRELIMINAR**

### Artigo 1.

A presente lei ten por obxecto a creación e o desenvolvemento dun conxunto coordinado de medidas orientadas á loita contra a pobreza na Comunidade Autónoma de Galicia e á reinserción social e/ou laboral das persoas afectadas polas diferentes formas de exclusión e marxinação social.

### Artigo 2.

O Plan de loita contra a pobreza incorpora ao sistema de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia os seguintes programas:

- a) Renda de Integración Social de Galicia
- b) Axudas para situacións de emerxencia social
- c) Programas de desenvolvemento integral comunitario

### Artigo 3.

A renda de integración social de Galicia e máis as axudas para situacións de emerxencia social configúranse como dereitos recoñecibles a toda persoa que reúna os requisitos e as condicións esixidos na presente lei e segundo os preceptos contidos nela.

#### Artigo 4.

O desenvolvemento e a aplicación da presente lei corresponderanlles aos órganos competentes da Administración autonómica en colaboración cos concellos, conforme ao disposto no artigo seguintes.

#### Artigo 5.

Correspóndelle á consellería competente en materia de servizos sociais o exercicio das seguintes funcións:

- a) A elaboración das normas de desenvolvemento desta lei.
- b) O control e a avaliación xeral da aplicación das medidas previstas nesta lei, sen prexuízo do establecido no capítulo oitavo do título primeiro.
- c) A concesión, a modificación, a suspensión, a extinción, a denegación e o pagamento da renda de integración social de Alicia e das axudas para situacións de emerxencia social.
- d) A proposta dos programas que se incluírán no anteproxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) A potenciación da rede de servizos sociais de atención primaria precisos para a eficaz aplicación das medidas de inserción reguladas nesta lei, sen prexuízo do establecido no artigo seguinte.
- f) A elaboración dos estudos de pobreza, das causas desta e da súa localización social e territorial, así como das consecuencias, que permitan a realización dun mapa de pobreza en Galicia e a súa actualización.
- g) A proposta de convenios con outras comunidades autónomas que permitan o mantemento de dereitos adquiridos ou en curso de adquisición por beneficiarios veciños das respectivas comunidades autónomas en virtude do principio de reciprocidade.

#### Artigo 6.

Correspóndelles aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia o exercicio das seguintes funcións:

- a) En cooperación coa Xunta de Galicia, coas deputacións provinciais e cos órganos competentes da Administración xeral do Estado, implantar e desenvolver os servizos sociais de atención primaria precisos para a aplicación do disposto nesta lei, de acordo coa lexislación vixente na materia.
- b) Cooperar coa Xunta de Galicia na aplicación desta lei nos termos establecidos nela.
- c) Mellorar con cargo aos orzamentos as axudas para situacións de emerxencia social, de acordo coas condicións establecidas no título segundo, sen prexuízo de que poidan suscribir convenios coa Xunta de Galicia co fin de asumir a xestión única destas, logo da transferencia dos créditos que lles correspondan.

## **TITULO PRIMEIRO**

### **DA RENDA DE INTEGRACION SOCIAL DE GALICIA**

#### **Capítulo primeiro**

##### Disposicións xerais

#### Artigo 7.

1. A renda de integración social de Galicia configúrase como unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.
2. A renda de integración social de Galicia, en canto prestación económica, terá carácter alimenticio, persoal e non transmisíbel, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de obrigas. Así mesmo, terá carácter subsidiario e complementario de calquera outro ingreso ou prestación de acordo co establecido nos artigos 12 e 14 da presente lei.



3. Os proxectos de inserción estarán constituídos por un conxunto coordinado e programado de accións que terá como obxectivo a mellora da integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación do beneficiario ao sistema laboral.
4. En todo caso, a aceptación e o cumprimento das accións contidas nos proxectos de inserción polo beneficiario serán condición necesaria para a percepción da prestación económica.

#### Artigo 8.

1. Os perceptores de pensións ou axudas de carácter público, contributivas ou non contributivas, só terán dereito, sempre que cumpran todos os requisitos establecidos no capítulo seguinte, á incorporación aos proxectos de inserción, sen prexuízo do establecido no artigo 13.3 desta lei.
2. Non obstante, terán tamén dereito ao subsidio básico e mais o complemento variable aqueles que por teren cargas familiares tivesen dereito a prestacións de protección á familia, de acordo coa lexislación en vigor nos termos establecidos no artigo 14.
3. Igualmente poderá acceder ao proxecto de inserción quen, podendo obter as prestacións sinaladas no número 1 deste artigo, non exercitase as accións pertinentes para o seu recoñecemento.

### **Capítulo segundo**

#### Dos beneficiarios

#### Artigo 9.

1. Poderán ser beneficiarias da renda de integración social de Galicia, nas condicións previstas nesta lei, aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1º. Ter residencia efectiva e estar empadroadas en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude.

Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dun ano:

- a) Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación da Comunidade da que proceden se recolla a reciprocidade.
- b) As vítimas de violencia doméstica que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.
- c) As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma. Asemade, aquelas persoas nadas en Galicia que residindo noutras comunidades autónomas volvan fixar a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega. Os cidadáns e as cidadás de estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude.

2º. Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente á persoa solicitante.

3º. Ter unha idade comprendida entre os vinte e cinco e os sesenta e cinco anos.

Non obstante, tamén poderán ser beneficiarias:

- a) As persoas menores de vinte e cinco anos que, reunindo o resto dos requisitos deste artigo, teñan menores ao seu cargo.
- b) As persoas maiores de dezaioito anos que, tendo recoñecida a condición de minusvalía, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
- c) As persoas maiores de dezaioito anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores ou en acollemento familiar.
- d) As persoas maiores de dezaioito anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos deste artigo, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.

4º. Dispoñer duns recursos inferiores á contía da prestación económica da renda de integración social de Galicia que lles correspondería considerando a súa situación económica e familiar de acordo co artigo 12 desta lei.

5º. Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil. A xuízo do órgano de resolución, poderanse eximir deste requisito aqueles solicitantes dos que se preveza que a obriga de alimentos non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das que exista constancia no expediente.

Non obstante, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as dos familiares ao seu cargo. As circunstancias constarán claramente no informe social correspondente

2. Para os efectos do disposto neste artigo, enténdense por residencia efectiva aquela que habite o solicitante por tempo superior a seis meses nun período de doce.

#### Artigo 10.

1. Unicamente se concederá unha renda de integración social de Galicia por unidade de convivencia independente.

2. Para os efectos previstos nesta lei, considerarase unidade de convivencia independente as persoas que viven soas, e, se é o caso, o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

3. Malia o anterior, cando nunha unidade de convivencia existan persoas con menores ao seu cargo, considerarase que constitúen unha unidade de convivencia independente.

4. A unidade de convivencia independente beneficiaria non perderá esta condición cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuamento se vexa obrigada a residir con outra.

5. Regulamentariamente determinaranse os supostos do marco físico de residencia colectiva que poidan ser considerados unidade de convivencia independente para os efectos deste artigo.

#### Artigo 11.

A prestación económica da renda de integración social de Galicia estará integrada por un subsidio básico, nos supostos previstos nos dous artigos seguintes, por un complemento variable en función dos membros que compoñen a unidade de convivencia independente e por un complemento de inserción.

#### Artigo 12.

1. A contía do subsidio básico será equivalente ao 75% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples, fixado na lexislación específica que resulte aplicable, sen prexuízo do sinalado nos apartados 3 e 4 deste artigo.

2. A contía do complemento variable, en función do número de membros da unidade de convivencia independente, será a seguinte:

-O 12% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples polo primeiro membro adicional.

-O 10% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples polo segundo membro adicional.

-O 8% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples por cada un dos restantes membros adicionais.

3. Os beneficiarios e as beneficiarias que, por aplicación do previsto na letra g) do apartado 1 do artigo 32 desta lei, se manteñan na percepción da prestación despois de catro anos só terán dereito ao subsidio básico cunha contía mensual equivalente ao importe mensual da pensión non contributiva individual, fixada na lexislación específica que resulte aplicable, sen dereito á percepción do complemento variable sinalado no apartado anterior e sen prexuízo do sinalado no artigo 13 desta lei. Salvo a diferente contía na prestación económica, estes beneficiarios e beneficiarias terán os mesmos dereitos e obrigas ca o resto das persoas perceptoras e estarán sometidos á revisión anual da prestación prevista no artigo 22.2 desta lei, polo que se poden engadir regulamentariamente termos específicos e complementarios nos que se deba realizar a devandita avaliación anual deste colectivo.

4. As contías sinaladas no apartado anterior tamén serán as que corresponde aboar aos beneficiarios e ás beneficiarias que se reincorporen ao programa nos termos sinalados na letra c) do apartado 2 do artigo 32 desta lei.

5. O importe que percibirá cada persoa beneficiaria estará constituído pola diferenza entre a contía mensual da renda de integración social de Galicia, que conforme a este artigo lle correspondese, e a dos recursos económicos dos que dispoña, computados de acordo co artigo 14, e en ningún caso poderá superar o límite do 125% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples.

6. Non obstante, denegarase a prestación económica da renda de integración social de Galicia cando as características, a valoración, a posibilidade de explotación ou a venda dos bens mobles ou inmobles sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufructo ou outro de análoga natureza real indiquen a existencia de medios suficientes para a subsistencia dos membros da unidade de convivencia.

#### Artigo 13.

1. A contía do complemento de inserción, que nos correspondentes proxectos se poida establecer, será determinada en función das súas especiais características, dedicación e gastos que implique.
2. O importe deste complemento non se computará para efectos da determinación do tope máximo ao que se refire o apartado 5 do artigo anterior.
3. Poderase beneficiar deste complemento toda persoa que, non sendo perceptora da renda de integración social de Galicia, estea incorporada a un proxecto de inserción dentro dos programas elaborados para este fin.

#### Artigo 14

1. Para os efectos previstos nesta lei, entenderanse como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia independente os seguintes:

a) O total de ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou as persoas que constitúan a unidade de convivencia en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou por calquera outro concepto.

b) As cantidades percibidas en concepto de pagamento único, depósitos bancarios, contas correntes ou de aforro, así como os bens mobles ou inmobles sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufructo ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda destinada ao seu uso, sempre que a súa valoración catastral non supere quince anualidades do indicador público de renda de efectos múltiples vixente.

2. En todo caso, non se considerarán os ingresos irregulares que unicamente resulten un complemento de supervivencia nin tampouco os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada e profesional ou a paliar situacións de emerxencia social.

3. Tampouco serán computables as prestacións familiares por fillo a cargo maior de dezaioito anos cunha minusvalía igual ou superior ao 65% xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia.

### **Capítulo terceiro**

Das prestacións

#### **Sección primeira**

Prestacións económicas

#### Artigo 15.

O beneficiario terá dereito a percibir a prestación económica da renda de integración social de Galicia desde o primeiro día do mes seguinte a aquel no que se dicte a resolución.

A resolución pola que se concede ou denega a solicitude deberá dictarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir do día de rexistro da petición inicial. Transcorridos tres meses sen dictarse a resolución, outorgarase a prestación provisionalmente, en tanto non se resolva definitivamente a solicitude, sempre que a demora non se deba a causa imputable ao solicitante e á solicitude se achegasen os documentos aos que fai referencia o punto 1 do artigo 24 desta lei.

#### Artigo 16.

O pagamento das prestacións económicas realizaráselle ao solicitante por mensualidades vencidas na forma que regulamentariamente se estableza.

## Sección segunda

### Proxecto de inserción

#### Artigo 17.

1. O proxecto de inserción será elaborado partindo das necesidades e características de cada caso, de tal xeito que procure a autonomía persoal, familiar e económica do beneficiario e acade a súa integración social e/ou laboral.

2. Por cada unidade de convivencia independente destinataria da renda de integración social de Galicia deberá elaborarse polo menos un proxecto de inserción. Serán beneficiarias deste a persoa ou as persoas maiores de idade que a xuízo dos servizos sociais de atención primaria ou, se é o caso, do órgano de resolución estean en mellor disposición e aptitude para acadar a integración que se pretende.

#### Artigo 18.

1. Todo proxecto de inserción para acadar a súa finalidade deberá integrar accións da seguinte natureza:

- a) Accións que procuren a rehabilitación persoal e familiar.
- b) Accións que procuren a integración no medio social
- c) Accións de motivación laboral, orientación profesional e formación ocupacional.
- d) Actividades de interese colectivo e social en entidades públicas ou privadas, sen menoscabo dos seus dereitos laborais, así como nos diversos programas de colaboración con outras administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social, e nos programas mixtos de formación e emprego.
- e) Actividades orientadas cara ao traballo autónomo ou calquera das formas de economía social.
- f) Accións tendentes á plena incorporación ao traballo mediante a formalización do correspondente contrato laboral.

2. No suposto de que os proxectos de inserción inclúan algunha das medidas previstas nas letras c), d) e f) do apartado anterior, a persoa beneficiaria quedará obrigada a se inscribir como demandante de emprego na correspondente oficina do servizo público de emprego.

3. Naqueles casos nos que así se considere, o proxecto de inserción poderá estar integrado exclusivamente polas accións que se deban realizar para o coidado do fogar, a atención a menores ou maiores dependentes ou calquera outra dedicación solidaria.

4. En calquera caso, o proxecto de inserción deseñarase con criterios rigorosos de programación, con determinación de obxectivos, prazos, medios e actividades que permitan a posterior avaliación dos efectos reais de aplicación da renda de integración social de Galicia en cada caso.

#### Artigo 19.

Coa finalidade de incentivar a incorporación dos beneficiarios e das beneficiarias da renda de integración social de Galicia ao mercado de traballo, a Xunta de Galicia primará, especialmente, as persoas integrantes do dito colectivo, a través dos incentivos tanto para a contratación por conta allea coma para o autoemprego e a

economía social, dándolles o máximo nivel de axuda que, en cada momento, permita a normativa vixente.

Artigo 20.

Os beneficiarios e as beneficiarias da renda de integración social de Galicia tamén terán prioridade para participar nos programas de colaboración con outras administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social, así como para a súa participación en programas mixtos de formación e emprego.

Artigo 21.

Sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, a Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de servizos sociais, para a execución dos proxectos de inserción descritos nesta sección, poderá asinar convenios de colaboración con asociacións ou entidades de iniciativa social, así como cos organismos públicos e privados que considere oportunos.

### **Sección terceira**

Duración das prestacións

Artigo 22.

1. A renda de integración social de Galicia seralle outorgada ao beneficiario mentres subsistan as causas que motivaron a súa concesión.

2. A revisión das concesións do seu outorgamento e a avaliación dos resultados acadados efectuaranse cada doce meses. A resolución decidirá sobre a renovación, modificación ou extinción , sen prexuízo do establecido nos artigos 23 e 32 desta lei.

3. A prestación entenderase prorrogada en defecto de resolución expresa.

### **Capítulo cuarto**

Das obrigas dos beneficiarios

Artigo 23.

Os beneficiarios da renda de integración social de Galicia quedan obrigados a:

- 1) Destinar o importe da prestación ao fin para o que se concede.
- 2) Participar nas accións ou actividades que se determinen de acordo co beneficiario dentro do proxecto de inserción.
- 3) Escolarizar aos menores ao seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria, garantindo a súa asistencia ao centro de ensino que corresponda. A devandita asistencia acreditarase debidamente.
- 4) Non exercer a mendicidade nin a prostitución, nin inducir ou compeler á práctica de calquera delas a ningún membro da unidade de convivencia.
- 5) Comunicar as variacións sobrevidas que, de conformidade con esta lei, puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación.
- 6) Exercitar cando o órgano competente para a resolución o estime conveniente, á vista dos informes que consten no expediente e no prazo que se estableza na correspondente resolución, calquera dereito económico que puidese corresponderlles segundo a lexislación vixente.
- 7) Cantas outras obrigas deriven do obxecto e da finalidade da renda de integración social de Galicia.

### **Capítulo quinto**

## Da tramitación

### Artigo 24.

1. O recoñecemento da renda de integración social de Galicia realizarase logo de solicitude da persoa interesada, mediante a presentación no seu concello do modelo normalizado pola consellería competente, ao que deberá acompañar os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 9 e aqueles outros que se puidesen determinar regulamentariamente.

2. Para o cómputo dos recursos económicos da unidade de convivencia, a instancia normalizada de solicitude incluírá unha declaración xurada na que os peticionarios e as peticionarias farán constar todos os recursos dos que dispoña a unidade de convivencia.

3. Na instancia normalizada á que se refire o apartado anterior, a persoa solicitante fará constar que autoriza o órgano de resolución para recadar a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia, e en xeral para completar o expediente, dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio.

4. As entidades locais, a través dos equipos técnicos dos servizos sociais de atención primaria municipais correspondentes, elaborarán un informe social no que se valore a procedencia, ou non, da aplicación da renda de integración social de Galicia, así como, se é o caso, a proposta dun proxecto de inserción, de acordo co disposto nesta lei.

5. O informe sinalado no apartado anterior salientará o perfil sociolóxico e unha valoración sobre as posibilidades de inserción social e/ou laboral, e indicará, neste último suposto, que centros ou institucións adecuados existen no contorno da persoa beneficiaria. Así mesmo, salientará cantos datos se estimen pertinentes para poñer de manifesto: a existencia dunha unidade de convivencia independente; o número de persoas que conviven, xunto coa información sobre minusvalía que poida afectar a algún dos seus membros; e a descrición do fogar e da posible existencia de persoas ou familiares con obriga legal e posibilidade real de prestación de alimentos.

6. A proposta do proxecto de inserción deberá contar co asentimento da persoa interesada ou, no caso contrario, coas razóns invocadas por ela para o seu rexeitamento.

7. O concello de residencia, no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, remitiralle os informes, a proposta de resolución e mais a restante documentación necesaria para poder continuar a tramitación do expediente á delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais, para a súa cualificación e posterior resolución. De non se remitir no prazo sinalado, dado o carácter determinante para a resolución do procedemento, sen prexuízo da responsabilidade na que incorre o responsable da demora, quedará interrompido o prazo para resolver o expediente, de conformidade co previsto no artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. As delegacións provinciais da consellería competente en materia de servizos sociais resolverán as solicitudes remitidas polos concellos no prazo máximo dun mes desde a súa recepción.

9. Excepcionalmente, naqueles casos nos que a situación da persoa beneficiaria o faga imprescindible, poderá realizar a solicitude ao seu nome o propio concello; porén, non se resolverá favorablemente o expediente mentres a persoa interesada non asuma o proxecto de inserción social e/ou laboral que, por proposta dos servizos sociais de atención primaria, sexa aprobado polo órgano de resolución da renda de integración social de Galicia.

Artigo 25.

Tanto no ámbito autonómico como en cada delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais constituiranse con carácter permanente unidades técnico-administrativas de apoio ao órgano de resolución coa composición e as funcións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 26.

(Sen contido)

Artigo 27.

Os órganos competentes para a resolución poderán comprobar, a través dos organismos públicos e privados correspondentes, a veracidade dos datos que consten no expediente.

Artigo 28.

Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa lexislación vixente.

## **Capítulo sexto**

Da concesión provisional, modificación, suspensión e extinción.

Artigo 29.

1. Cando o órgano competente lle imponha ao beneficiario ou a calquera dos membros da unidade de convivencia independente a obriga sinalada no artigo 23.6 desta lei, deberá informalos sobre os dereitos que os asistan e os trámites necesarios para a interposición da correspondente demanda ou execución de sentenza.

2. No suposto de que a demanda prospere. O órgano competente dictará a oportuna resolución pola que se modifica ou extingue, se é o caso, o dereito á renda. Asemade o beneficiario, a partir da execución da sentenza, virá obrigado a devolver unha contía igual á obtida ata o límite da prestación económica da renda de integración social de Galicia que viñese percibindo. Non obstante, poderá acordarse o pagamento aprazado ou mesmo a condonación desta obriga, en función das circunstancias económica concorrentes na persoa beneficiaria.

Artigo 30.

A modificación sobrevida do número de membros da unidade de convivencia ou dos recursos económicos que serviron de base para o cálculo da prestación económica da renda de integración social de Galicia dará lugar á minoración ou ao aumento que proceda a partir do mes seguinte a aquel no que teña lugar. A comunicación de tales circunstancias farase a través do servizos sociais de atención primaria correspondente.

Artigo 31



A percepción da prestación económica da renda de integración social de Galicia suspenderase polas seguintes causas:

1. Cando os recursos económicos, computados de acordo co artigo 14, superen, en cómputo mensual, por un período inferior a seis meses, a prestación económica da renda de integración social de Galicia correspondente en cada caso, suspenderase o seu aboamento, e reiniciarase, por instancia da persoa beneficiaria, cando decaian as circunstancias que motivaron a devandita suspensión, coa excepción de que neste suposto poderá continuar a persoa beneficiaria percibindo o complemento de inserción, en función das accións desenvolvidas no proxecto de inserción.

2. Igualmente, será causa de suspensión a imposibilidade sobrevida, por parte da persoa beneficiaria, de cumprir as obrigas asumidas, ou a declaración legal de incapacidade. Neste suposto, en función das circunstancias concorrentes, durante un prazo máximo de seis meses poderase acordar o aboamento da prestación a outro membro da unidade de convivencia, modificando, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas.

## Artigo 32

1. O dereito á prestacións da renda de integración social de Galicia extínguese por:

a) A perda dalgún dos requisitos exixidos para o seu recoñecemento, sen prexuízo do establecido no apartado 1 do artigo anterior. Con carácter previo a se ditar a resolución de extinción, o órgano de resolución tramitará o correspondente procedemento de revisión, con audiencia da persoa interesada, podéndose acordar, ao dispoñer o inicio do devandito procedemento, a suspensión cautelar do aboamento da prestación cando exista unha presunción fundada de que a persoa beneficiaria perdeu o seu dereito a esta.

b) O falecemento da persoa beneficiaria, suposto no que será aplicable o disposto no punto 2 do artigo 31, mentres tramite unha nova solicitude outro membro da unidade de convivencia independente.

c) O incumprimento das obrigas previstas no artigo 23 desta lei por causas imputables á persoa beneficiaria.

d) O mantemento das causas que deron lugar á suspensión previstas no artigo 31.

e) A ocultación ou o falseamento dos datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica, sen prexuízo do disposto no vixente código penal.

f) O traslado da residencia efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que se produza a circunstancia sinalada no artigo 5.g) desta lei.

g) O transcurso de catro anos consecutivos na súa percepción, excepto que, a xuízo do órgano de resolución e logo de informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia da persoa beneficiaria, fose necesario manter a esta na percepción da prestación pola súa situación de exclusión social e/ou desestruturación familiar da súa unidade de convivencia, especialmente cando existan menores nela.

2. A extinción do dereito á renda de integración social de Galicia implicará as seguintes consecuencias:

a) Cando a extinción se leve a cabo pola causa sinalada no artigo 32.1.e) desta lei, devolveranse as

cantidades indebidamente percibidas pola persoa beneficiaria. As devanditas cantidades deberán ser reintegradas ou serán obxecto de compensación no caso de que se recoñeza un novo dereito á renda de integración social de Galicia nos termos que sinale o órgano de resolución.

b) Cando a extinción se produza polo incumprimento das obrigas establecidas nos apartados 1, 2, 3 e 4 do artigo 23 ou polas causas establecidas nas letras e) ou g) do artigo 32.1, non se lle recoñecerá a ningún membro da unidade de convivencia un novo dereito á renda de integración social de Galicia ata que transcorra un ano desde a data da resolución de extinción, salvo que se constituía unha nova unidade de convivencia por un membro non responsable do incumprimento.

c) Cando a extinción se produza pola percepción da renda durante catro anos consecutivos, poderase solicitar unha nova renda se durante o ano seguinte á resolución de extinción concorresen circunstancias excepcionais que agraven a situación de exclusión social da persoa interesada ou a situación de desestruturación social e familiar da unidade de convivencia, debidamente acreditadas polos servizos sociais de atención primaria do seu concello.

## **Capítulo sétimo**

### Da impugnación

#### Artigo 33

Contra as resolucións ditadas polos delegados ou delegadas provinciais poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o titular da consellaría competente en materia de servizos sociais.

#### Artigo 34

O recurso poderase interpoñer ante o órgano que ditase a resolución ou ante o órgano competente para resolvelo, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999.

#### Artigo 35

1. Se a resolución fose estimatoria do recurso, os efectos económicos deste retrotraeranse á data de resolución inicial denegatoria, nos termos fixados polo artigo 15 desta lei.

2. A resolución do recurso de alzada poñerá fin á vía administrativa

## **Capítulo oitavo**

### Dos órganos de control e seguimento

#### Artigo 36.

Como órganos superiores de control e seguimento da aplicación da renda de integración social de Galicia constitúese unha mesa en cada provincia e outra de ámbito autonómico.

#### Artigo 37.

1. En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma, presidida polo delegado provincial da consellería competente en materia de servizos sociais, constituirase unha mesa integrada por:

- Sete representantes da Administración autonómica.

- Sete representantes das centrais sindicais máis representativas no ámbito autonómico.
- Sete representantes das organizacións empresariais no mesmo ámbito.
- Dous representantes dos concellos da Comunidade Autónoma.

Reglamentariamente determinaranse a forma de designación dos representantes dos concellos e a periodicidade das reunións; a administración achegaralles os datos globais que deriven da aplicación do programa.

2. Serán funcións das mesas o control e o seguimento estatístico tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia coma da correcta aplicación das medidas de fomento do emprego que vinculadas aos proxectos de inserción se consideran nesta lei.

3. Ás reunións das mesas poderán asistir, por petición de calquera das partes, representantes das asociacións e outras entidades de iniciativa social colaboradoras do programa, que participan nelas con voz pero sen voto. As actas das sesións que realicen estas mesas seranlle remitidas á mesa autonómica á que se refire o artigo seguinte.

#### Artigo 38.

1. No ámbito autonómico constituirase unha mesa presidida polo titular da consellería competente en materia de servizos sociais ou persoa na que delegue, con igual representación e sistema de designación ca as mesas provinciais, que se reunirá con periodicidade trimestral.

2. Serán funcións desta mesa o control e a avaliación global dos resultados da execución do programa, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralo.

3. Ás reunións desta mesa poderán asistir, por petición de calquera das partes, representantes das asociacións e outras entidades de iniciativa social colaboradoras no programa, que participen nelas con voz pero sen voto, naqueles temas relacionados coas súas actividades.

4. A Administración autonómica facilitaralle a esta mesa a documentación necesaria, así como as actas das sesións que realicen as mesas provinciais de control e seguimento.

5. Deberá ser oída a mesa con anterioridade á aprobación da documentación necesaria, así como das actas das sesións que realicen as mesas provinciais de control e seguimento.

6. A mesa elaborará as súas propias normas de funcionamento.

#### Artigo 39.

Os acordos destas mesas serán adoptados por maioría absoluta dos membros presentes, dirimindo os empates o voto de calidade o presidente.

#### Artigo 40.

As citadas mesas terán un secretario, con voz pero sen voto, que será designado polo delegado provincial ou polo conselleiro, segundo proceda, de entre os funcionarios adscritos á súa Consellería.

## TITULO SEGUNDO

## DAS AXUDAS PARA SITUACIONES DE EMERXENCIA SOCIAL

### Capítulo primeiro

#### Obxecto e natureza

##### Artigo 41.

1. O obxecto deste título é o establecemento de axudas económicas de pagamento único, destinadas a paliaren necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia.
2. As axudas para situacións de emerxencia social constitúense como o segundo programa dentro do conxunto coordinado de medidas consideradas no título preliminar desta lei.

##### Artigo 42.

1. Estas axudas terán carácter finalista e serán incompatibles con calquera outra prestación pública que lle puidese corresponder ao beneficiario para a mesma finalidade.
2. Non obstante, poderán ser complementarias, nos casos nos que se considere oportuno, en virtude de gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes pertinentes.

##### Artigo 43.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que, atopándose nas situacións ás que fai referencia o artigo 41, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega.
- c) Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia.

##### Artigo 44.

Para os efectos do previsto neste título considéranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir as necesidades específicas de carácter básico e urxente non cubertas polos diferentes sistemas de protección.

##### Artigo 45.

1. Considéranse ingresos suficientes, para os efectos da aplicación desta medida, aqueles que, obtidos polos membros da unidade de convivencia independente en concepto de rendas, retribucións, pensións ou por calquera outro título, agás os de carácter finalista que estean dirixidos á formación regrada ou se perciban como complemento de inserción, non sexan superiores ao cento vinte e cinco por cento do importe do subsidio básico máis o complemento familiar da renda de integración social de Galicia que, segundo o disposto no artigo 12, puntos 1 e 2, desta lei, lles corresponderían en cómputo mensual.
2. Non poderá concederse esta axuda cando os solicitantes ou calquera membro da unidade de convivencia independente sexan propietarios ou usufructuarios de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto desta axudas.

##### Artigo 46.

1. A contía das axudas establecerase para cada caso concreto en función das circunstancias e das previsións dos gastos que ocasionen a situación de emerxencia, e en ningún caso poderá superar a contía anual do indicador público de renda de efectos múltiples.

2. Regulamentariamente serán establecidas as normas que posibiliten a determinación da contía da axuda de emerxencia social para cada caso concreto.

3. En ningún caso se poderá conceder máis dunha axuda para situación de emerxencia social por unidade de convivencia ao ano.

#### Artigo 47.

1. A tramitación das axudas será iniciada polo interesado mediante presentación de solicitude, en instancia normalizada, no seu Concello de residencia, xunto cos documentos acreditativos da veracidade dos datos alegados.

2. Sen prexuízo do sinalado no punto anterior, o interesado deberá xuntar á solicitude:

- a) O presuposto dos gastos para os que solicita a axuda
- b) A xustificación doutras subvencións ou axudas concedidas polo mesmo concepto, ou declaración xurada de non percibilas.

3. Será elaborado, logo de visita domiciliaria, un informe polos servizos sociais comunitarios no que, na medida do posible, se constate:

- a) A veracidade das circunstancias alegadas polo solicitante como orixinadoras da situación de emerxencia
- b) A situación necesidade que determine a incapacidade económica
- c) A adecuación e proporcionalidade entre o solicitado e a necesidade descrita
- d) A condición de habitual da vivenda

#### Artigo 48.

Correspóndelles aos concellos, a través dos servizos sociais de atención primaria, a recepción, a instrucción, a proposta de resolución e o traslado do expediente á delegación provincial correspondente, así como o seguimento e o control das axudas concedidas.

#### Artigo 49.

Correspóndelles ás delegacións provinciais da consellería competente en materia de servizos sociais resolver no prazo dun mes sobre a concesión ou denegación de axuda, así como sobre a súa contía, unha vez remitida a totalidade de cantos documentos integran o oportuno expediente por parte do concello de procedencia, sen prexuízo do establecido no artigo 6.c) desta lei.

#### Artigo 50.

1. As axudas para situacións de emerxencia social reguladas nesta lei poderanse aboar anticipadamente, en pagamento total ou fraccionado, nas porcentaxes que estime procedente o órgano de resolución atendendo ás circunstancias de cada caso, e o beneficiario ou a beneficiaria deberá xustificar o gasto subvencionado conforme os requisitos que se establezan regulamentariamente.

2. Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a Xunta de Galicia reserva para si a facultade de efectuarlle o pagamento da axuda directamente, e en nome do beneficiario ou beneficiaria, á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou o servizo a favor deste, naqueles casos nos que o considere conveniente o órgano de resolución, co fin de garantir a súa aplicación finalista.

3. En todo caso, a resolución de concesión da axuda de emerxencia social poderá ser revogada no suposto de que non se realicen as obras orzadas ou non se destine aquela para o fin solicitado.

4. Estas obras deberán estar rematadas no prazo dun ano, contado a partir do momento da comunicación da resolución, salvo en circunstancias excepcionais que fixesen necesario a concesión dunha prórroga.

## **Capítulo quinto**

Da impugnación

Artigo 51.

En materia de recursos haberá que atermos ao disposto nos artigos 33 e seguintes desta lei para a renda de integración social de Galicia.

## **TITULO TERCEIRO**

PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL COMUNITARIO

### **Capítulo primeiro**

Obxecto

Artigo 52.

O presente título ten por obxecto o establecemento das bases dunha actuación integrada e multisectorial dos diversos departamentos da Xunta de Galicia, tendente a eliminar as bolsas de pobreza urbana ou rural existentes no territorio desta Comunidade Autónoma, así como crear as condicións necesarias para evitar a aparición das distintas formas de marxinación social.

### **Capítulo segundo**

Da Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza

Artigo 53.

Créase a Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza, coa composición e coas funcións que se establecen neste capítulo.

Artigo 54.

Son funcións da Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza:

1. A elaboración e elevación de propostas ao Consello da Xunta de Galicia sobre medidas xerais que favorezan a remoción de cantos atrancos impidan ou dificulten a integración social das persoas máis desfavorecidas, podendo deseñar, para tal fin, medidas concretas de discriminación positiva, tales como:

- a) A preferencia dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia para o acceso ás axudas públicas dirixidas a satisfacer necesidades básicas: vivenda, alimentación, transporte e outras.

- b) A preferencia dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia para o acceso aos servizos públicos xestionados pola Xunta de Galicia, dentro dos diferentes subsistemas de benestar social.
